

AS RELACIÓNS BANCA-INDUSTRIA EN GALICIA

RAMÓN YÁÑEZ BRAXE
Santiago de Compostela: Laiovento. 2000
[268 páxinas]

Recibido: 2 abril 2001

Aceptado: 15 maio 2001

Se algo se botaba en falta na literatura sobre a economía de Galicia dos últimos anos era, sen lugar a dúbidas, unha análise seria e profunda sobre a vertente financeira do noso proceso de (des-)industrialización. A existencia de estudos sobre a actividade productiva desvinculándoa das súas relacións co sistema financeiro implicaba unha comprensión insuficiente da dinámica industrial galega, sobre todo nun contexto marcado por unha feble estrutura empresarial.

Tendo en conta o anterior, cómpre darlle a benvinda a este libro de Ramón Yáñez que promete converterse nunha obra de consulta obrigada e de referencia no ámbito académico e profesional, de enorme interese e utilidade tanto para os máis estudiosos da economía galega como para os homes de empresa, os xestores públicos e, en definitiva, para todo aquel interesado en coñecer máis de preto a armazón financeiro-industrial do noso país. E a verdade é que o libro de Yáñez desprende dende o primeiro momento o saber conxugado, imposto polo rigor científico e académico así como pola agudeza derivada da propia experiencia profesional do autor. Efectivamente, unha das principais riquezas da obra deriva do feito de que Yáñez, antes de ser profesor e investigador universitario (actualmente é profesor doutor na Universidade da Coruña), desenvolveu unha intensa actividade profesional no ámbito da empresa (enxeñeiro, economista e xerente), o que o dota dunha especial perspicacia para o tratamento do tema, como queda patente en cada unha das páxinas deste libro.

Nun primeiro capítulo, o autor introdúcenos no estudio xeral das relacións banca-industria a través da confrontación entre os dous modelos polares de organización financeira; é dicir, entre o continental, imperante en países como Alemaña ou Xapón e caracterizado por unhas relacións de proximidade, e o modelo anglosaxón, dominante no Reino Unido e nos EE.UU. e que se caracteriza por un maior distanciamento entre a banca e a industria. Os dous capítulos seguintes tratan de afondar na caracterización e na evolución do modelo de relación banca-industria en España e en Galicia, respectivamente. Neste sentido, o autor chega ó resultado de que en ámbolos dous casos se produciu unha evolución dende un modelo orixinariamente continental cara a un modelo “aparentemente” de tipo anglosaxón, xestándose unha progresiva separación entre a banca e a industria, aínda que é no caso de Galicia onde este proceso adquire unha maior intensidade. Á hora de identifica-los factores

que explican esta mudanza, Yáñez apunta ó fracaso do modelo de desenvolvemento e á súa incidencia sobre as contas bancarias que acabou forzando o crecente abandono de posicións industriais por parte da banca, agravada pola manifesta carencia de profesionais e burócratas eficientes e suficientemente preparados na avaliación de riscos e de oportunidades de investimento productivo. O resultado non podía ser outro que unha forte perda de peso participativo das entidades financeiras galegas na industria do país, expulsando aforro xerado en Galicia a través de dous tipos de drenaxe: as cesións de tesourería e a crecente participación en fondos de investimento. O primeiro prexudicado tampouco non podía ser outro: o sector industrial galego, que viu fortemente debilitada tanto a estrutura financeira como a conta de resultados das empresas autóctonas, hipotecando seriamente as posibilidades de crecemento da nosa economía e, en definitiva, de converxencia coas áreas españolas máis dinámicas.

Á parte dos resultados anteriores, resultan especialmente rechamantes e significativas algunhas das achegas que se obteñen na análise comparada dos balances e das contas de resultados das empresas españolas e galegas que se leva a cabo ó longo do capítulo cuarto. En concreto, cómpre salienta-la comprobación de que o racionamento de crédito vén caracterizado por unha compoñente discriminatoria en función do tamaño e da localización rexional. Neste sentido, conséntase, en primeiro lugar, que as Pemes sofren un trato claramente discriminatorio en materia de crédito e son estas, paradoxalmente, as empresas que presentan unha maior rendibilidade económica e financeira e, en segundo lugar, que son as empresas galegas (xunto coas estremeñas) as que padecen un maior racionamento do crédito e que posúen un menor grao de bancarización do pasivo circulante en comparación coas súas homólogas españolas “*malia demostraren unha semellante rendibilidade económica e unha superior rendibilidade financeira*”.

Outro punto de sumo interese que merece ser destacado vén dado pola sistematización que fai o autor sobre as vantaxes e inconvenientes que para as entidades financeiras supón a súa proximidade coa industria. Entre as vantaxes cómpre mencioná-las seguintes: 1) contar cunha presenza politicamente relevante nos órganos de dirección empresarial; 2) redución na incidencia das asimetrías de información e mellora da información necesaria para avalia-los riscos de crédito; 3) un mellor coñecemento integral dos sectores industriais; 4) un maior abano de posibilidades de negocio derivado das empresas nas que se manteñen posicións importantes; 5) a posibilidade de captación do negocio xerado pola empresa; 6) a mellor accesibilidade a mercados externos; e, finalmente, 7) unha maior diversificación de riscos e ganancia de liquidez. No que se refire ós inconvenientes, o autor destaca os seguintes: 1) riscos excesivamente concentrados naquelas empresas nas que teñen unha posición máis forte; 2) barreiras de saída, tanto no ámbito económico coma no social; 3) risco de volatilidade da cotización das participacións; 4) requírese constituír equipos de expertos en avaliación do risco industrial; 5) posibilidade de xerar posicións acomodaticias ó negocio impulsada polas propias empresas participadas; 6) perigo de contaxio dos malos resultados das empresas participadas á cotización das

accións da propia entidade financeira; e, por último, 7) medra o risco de insolvencia.

En fin, a obra en si carece de desperdicio. De feito, a súa extensión (268 páxinas) semella cativa para a amplitude de contidos nos que Yáñez trata de afondar. Téñase en conta que o libro é un apertado resumo da extensa tese de doutoramento realizada polo autor baixo a dirección de Xavier Vence, catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela. En todo caso, constitúe unha síntese didáctica e accesible non só para o colectivo de especialistas senón tamén para un público máis xeral. Polo tanto, cómpre aconsellar vivamente a súa lectura a todo aquel que desexe penetrar nun dos nós gordianos da nosa economía nas portas do século XXI.

ÓSCAR RODIL MARZÁBAL
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela